

Cantares gallegos foi o primeiro dos libros en galego de Rosalía. O título parece o dunha colección de poemas que ela escoitara.

No tempo de Rosalía non había televisión nin internet, nin radio e case nin fotografías, que aínda se acababan de inventar.

A xente cantaba as cancións que aprendera na súa casa ou que algunha amiga ou amigo sabía de memoria, non había cancións gravadas.

No libro, **Rosalía** usa un pequeno truco, toma unha canción popular, que ela escoitou nalgures, a que leva a letra inclinada. O resto da canción é creado por ela.



Bastabales está cerca de Santiago, onde viviu Rosalía. É unha aldea cunha igrexa. As súas campás escoitábanse desde moi lonxe.

Rosalía é a máis importante e famosa escritora do **Rexurdimento**, o grupo literario e de pensamento que fai renacer a lingua galega no século XIX.

Por entón, a nosa lingua deixara de escribirse había moito tempo e Galicia, os galegos e galegas, e a nosa maneira de falar, eran ridiculizadas.

Rosalía comeza a escribir en galego para defender a dignidade do pobo de Galicia cunha obra de enorme calidade poética, que coloca a nosa lingua xunto a calquer outra.

Se a vida era dura para o pobo galego naqueles tempos, Rosalía tamén entende que as mulleres padecen con maior intensidade esa dureza, e denuncia a inxustiza da situación das mulleres.

Ela é unha das primeiras escritoras españolas, e a de maior altura poética no seu tempo.



Rosalía de Castro

En 1863 publica

Cantares Gallegos

*primeiro libro publicado
integralmente en galego e obra
fundamental da nosa literatura.*

Rosalía Castro de Murguía



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO DE EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
LUÍS SEOANE



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



Nasín cando as prantas nasen,
no mes das froles nasín,
nunha alborada mainiña,
nunha alborada de abril.

Por eso me chaman Rosa,
mais a do triste sorrir,
con espiñas para todos,
sin ningunha para ti.

Desde te quixen, ingrato,
todo acabou para min,
que eras ti para min todo,
miña gloria e meu vivir.

De que, pois, te queixas, Mauro?
De que, pois, te queixas, di,
cando sabes que morrera
por te contemplar felís?

Duro cravo me encravaches
con ese teu maldesir,
con ese teu pedir tolo
que non sei que quer de min,
pois dinche canto dar poden
avariciosa de ti.

*O meu corasón che mando
cunha chave para o abrir,
nin eu teño máis que darche,
nin ti máis que me pedir*



<https://www.youtube.com/watch?v=qkJBWfiYPTI>

<https://www.youtube.com/watch?v=E9vn8nEdl3g>



*Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.*

Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.



Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades,
e das entrañas me doio.


Dóime de dor ferida,
que antes tiña vida enteira,
i hoxe teño media vida.

Solo media me deixaron
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.

Non me roubaran, traidores,
¡ai!, uns amores toliños,
¡ai!, uns toliños amores.

Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron...
de pena me consumiron.





Alén do retrato, é a gravura que se usaba nos billetes de 500 pts, no milenio pasado, cómpre dicir que **no ano 1863 suceden moitas cousas:**

- Estados Unidos está en guerra civil, a guerra do Norte contra o Sur, polo problema do escravismo.
- México está en guerra tamén, pola invasión francesa, a punto de proclamarse o Imperio Mexicano de Maximiliano I.
- Fúndase a Cruz Vermella, en Suíza.
- Xógase oficialmente o primeiro partido de fútbol, ao quedaren separadas as normas do rugby e do fútbol.
- Inaugúrase o canal de Suez, que une o Mediterráneo e o Mar Vermello.
- **Publícase “Cantares gallegos”, a obra inicial do galego moderno**

A sinatura de Rosalía é a que empregaba, seguindo o costume antigo de engadiren as mulleres o apelido do seu marido coa preposición “de”, sinalando implícitamente, ou non tan implícitamente, a propiedade, en “Rosalía Castro de Murguía”. Aproveitamos o deseño para agachar un pouco este detalle.

Rosalía só tiña un apelido cando solteira, Castro, que era o da súa nai, porque foi filla de solteira non recoñecida polo seu pai, que era crego. Murguía era o apelido do seu marido, **Manuel Murguía**, o pai da historiografía galega, e fundador do Partido Rexionalista.

A data da dedicatoria deste libro, o 17 de maio, foi a data escollida para a celebración do **Día das Letras Galegas** desde o ano 1963 (coincidindo co centenario do libro).

O título segue unha moda literaria do XIX, relacionada coa aparición por toda a Europa das literaturas en linguas nacionais, que era a de recompilar material oral de autor anónimo non publicado anteriormente, como recoñecemento das **culturas populares** de cada país ou lingua. No caso de “Cantares gallegos” non é máis que un pretexto para a creación rosaliana, aparentemente feita para continuar ou desenrolar unha cantiga popular en cada caso.

“**Nasín cando as prantas nasen**” é o segundo poema de “Cantares gallegos”, non ten título, así que podemos usar a convención poética de referir o poema co primeiro dos versos. A estrutura é a de romance de tipo popular, con octosílabos e rima asoante nos pares, moi marcada por estaren formadas por oxítonas. Polo tanto ten un ritmo moi marcado. Os grupos de versos non son orixinais, están feitos adrede para seguir a versión musical. Foi escollida a **versión** que fixo o trío “De vacas”, ligazón na marxe, por cantar íntegro o poema, por usar como melodía a dunha canción moderna catalano-andaluza, “Malamente”, interpretada pola outra Rosalía, substituindo o título por “Rexurdimente” (é polo tanto música do folclore andaluz coa letra de Rosalía) e por vestiren no vídeo coa moda que se levaba nos anos 1850.

Respectouse a convención fixada pola autora de pór en **letra inclinada** a cantiga popular que serve de inspiración, neste caso extrañamente ao final da peza e non no comezo. Adaptouse a ortografía, xa que no Rexurdimento estaban creando a escritura do galego e hoxe é difícil interpretar algunhas cousas. Respectouse o **seseo** orixinal, que en Rosalía é vacilante, ás veces aparece e ás veces non. Nesta cantiga o seseo é completo, quizá para seguir a pauta dos catro versos populares.

O tema destes catro últimos versos parece dar pé a un reproche de namorados sen maior significado. Rosalía ponos en **boca dunha muller**, Rosa. Non podería ser doutro xeito xa que “O home pide, a muller dá, a vontade é a masculina, a muller só responde a esa vontade”. É un rol preconcebido que, no desenvolvemento da parte rosaliana pasa a ser un desafío ao seu namorado, polo que manifesta morrer de amor, pero ao que non quer ficar sometida por ese mesmo amor.

A cantiga popular, que fóra deste contexto, non sería máis que un lamento de namorados, convértese nun reclamación de **igualdade por parte dunha muller**: “Non es ti quen pides e eu quen dou, a relación debe ter outro contexto”. Por tras de todo isto están os roles de home e muller nunha relación amorosa nos anos 1850. Rosalía, nunha cantiga tan sinxela e aparentemente inofensiva, está plantexando unha modificación dos roles. Non hai denuncia manifesta, pero obriga a reflexionar ao lector ou lectora.





Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.

Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades,
e das entrañas me doio.

Dóime de dor ferida,
que antes tiña vida enteira,
i hoxe teño media vida.

Solo media me deixaron
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.

Non me roubaran, traidores,
jaíl, uns amores toliños,
jaíl, uns toliños amores.

Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron...
de pena me consumiron.

<https://www.youtube.com/watch?v=EBvnbhEaI3g>

“**Campanas de Bastabales**” leva o poema popular de tres versos (en inclinado) no comezo. Neste caso son tercetas de octosílabos asonantes con rima nos impares. De novo unha forma popular sinxela.

A agrupación é a orixinal, pero o poema non está completo, xa que só se tomou a estrofa inicial e seis estrofas rosalianas. A orixinal ten vinte e catro estrofas máis. Só se colleu este fragmento porque é o que musicou Amancio Prada nos anos 1970, e foi a versión escollida na ligazón do vídeo que está na marxe.

No fragmento escollido somente fala quen escoita os sinos ou campás (“campanas” é un castellanismo de Rosalía, tiña moitos e neste caso a conta de sílabas obriga a mantelo), que parecen estar acordes coa súa tristeza e saudade, como se suxire na terceta inicial.

De lermos o resto do poema descubriríamos que **é unha muller** a que se lamenta, non sabemos se por uns amores perdidos ou por un afastamento que acabou coa súa felicidade. Profundiza nos seus sentimentos, que son acompañados até fundirse coa paisaxe e co paso do día.

Se cadra un dos elementos significativos deste fragmento (e do resto do poema) e o feito de non existiren suxerencias de interpretacións relixiosas do son das campás, ben ao contrario a muller reprégase máis en si mesma e na súa soidade, e **non emprega o rezo como alivio** ou remedio para o seu pesar.

Tendo en conta a situación da igrexa de Bastabales, na zona de Bertamiráns, ben coñecida por Rosalía, o feito de ser unha voz poética feminina anónima e o ton introspectivo, existe a tradición, non moi xustificada, de entendela como poema autobiográfico. Os críticos actuais non son moito desta idea, pero si concordan en que pode ser un poema máis persoal, onde a voz poética se pode case **identificar coa propia Rosalía** sen chegar a ser unha descrición dunha experiencia persoal, e como tal, é un avance do que será máis intenso e profundo en “Follas novas”, o seu segundo libro de poemas, a aparición na poesía da propia individualidade.

Intentouse explicar o concepto de **Cancioneiro**, aínda que fose de maneira xeral, e tamén contextualizar a importancia dos poemas ou cancións no século XIX, antes da existencia da música de consumo, a conexión entre música e poesía era tan forte que canción ou cantiga se podía interpretar como unha simbiose de texto e música.

As músicas e letras populares eran creadas ou mantidas polo pobo, con pouco contacto coas elites máis cultivadas, que tiñan as súas propias músicas e letras. Rosalía neste caso vive **entre dous mundos**, na ponte entre o popular, a cultura da aldea, expresada en lingua galega, coa súa música tradicional e letras que son para ela modelo, inspiración e pretexto tamén para a creación, e o mundo das elites de Santiago, da Coruña ou de Madrid, onde vive en diferentes épocas da súa vida, de expresión castelá, con músicas e letras de creación culta, “de laboratorio” diríamos hoxe en día, interpretadas en concertos ou en recitais para uns poucos.

Rosalía ten unha formación e unha sensibilidade elevadas, moi por diante do que se acostumaba no seu tempo, que lle permite entender a poética e os gustos do popular e do elitista, e acha que o primeiro ten un valor propio, por veces maior que o segundo.

Un dos motivos dos seus escritos está na **dignificación do galego**, demostrar que esta lingua de aldeáns ten capacidades de expresión idénticas a calquer outra, pero hai máis detrás de “Cantares gallegos”.

Rosalía é igualmente moi **consciente da súa condición feminina**, e das limitacións que o seu tempo lle impuña por este motivo. A subordinación aos homes, a minusvaloración das mulleres, a discriminación na vida cotidiana eran inxustizas que percibía e que manifesta na súa obra.

Hai que destacar que ela é unha das primeiras mulleres en asinar obra co seu nome (lembramos que os “Cantares” van dedicados a Fernán Caballero, seudónimo masculino tras o que se agachaba Cecilia Böhl de Faber, unha das primeiras “escritoras” en castelán da súa época). Era unha pioneira por escribir en galego, por escribir sendo muller e asinando como tal, por dignificar un pobo rexeitado e ridiculizado na época, e ademais pór en solfa os roles de homes e mulleres marcados por unha desigualdade e unha inxustiza que lle producen dor e desconsolo.



Cantares gallegos foi o primeiro dos libros en galego de Rosalía. O título parece o dunha colección de poemas que ela escoitara.

No tempo de Rosalía non había televisión nin internet, nin radio e case nin fotografías, que aínda se acababan de inventar.

A xente cantaba as cancións que aprendera na súa casa ou que algunha amiga ou amigo sabía de memoria, non había cancións gravadas.

No libro, **Rosalía** usa un pequeno truco, toma unha canción popular, que ela escoitou nalgunhas, a que leva a letra inclinada. O resto da canción é creado por ela.

Bastabales está cerca de Padrón, onde viviu Rosalía. É unha aldea cunha igrexa. As súas campás escollábanse desde moi lonxe.

Rosalía é a máis importante e famosa escritora do **Rexurdimento**, o grupo literario e de pensamento que fai renacer a lingua galega no século XIX.

Por entón, a nosa lingua deixara de escribirse había moito tempo e Galicia, os galegos e galegas, e a nosa maneira de falar, eran ridiculizadas.

Rosalía comeza a escribir en galego para defender a dignidade do pobo de Galicia cunha obra de enorme calidade poética, que cotoca a nosa lingua xunto a calquer outra.

Se a vida era dura para o pobo galego naqueles tempos, Rosalía tamén entende que as mulleres padecen con maior intensidade esa dureza, e denuncia a inxustiza da situación das mulleres.

Ela é unha das primeiras escritoras españolas, e a de maior altura poética no seu tempo.

Ligazóns para traballar o díptico:

“Nasín cando as prantas nasen”

Rexurdimente, por “De vacas”
<https://www.youtube.com/watch?v=gkJBWfiYPTI>

O mesmo, co baile das rapazas de 6º do CEIP Otero Pedraio de Vigo
<https://www.youtube.com/watch?v=Z3eAd5zX8lo>

Cun vídeo plano a plano do CEIP A Ponte de Lugo
<https://www.youtube.com/watch?v=vMDwhRgn78c>

A versión de Amancio Prada
https://www.youtube.com/watch?v=cp1zO7_Y8_Q

“Campanas de Bastabales”

Versión de Amancio Prada, con letra en pantalla
<https://www.youtube.com/watch?v=E9vn8nEdl3g>

A mesma versión, polos D'Abaixo
<https://www.youtube.com/watch?v=nBEoOOMizL4>

Con diferente música, neste caso un alalá, e cos versos do resto do poema
<https://www.youtube.com/watch?v=oAlh2R1X5LE>

Sobre Rosalía en xeral tendes:

Biografía en formato Debuxo a man alzada, do colexio San Pio X de Ourense
<https://www.youtube.com/watch?v=5sLT5qSVuWg>

A web da Fundación Rosalía de Castro, entre outras cousas custodian a Casa Museo de Padrón
<https://rosalia.gal/>

Visita á Casa Museo con comentarios e narración, inclúe o Adios Rios Adios Fontes de A.Prada
https://www.youtube.com/watch?v=9MVzPdo_nvq

Cinco datos curiosos sobre Rosalía, feito pola TVG
<https://www.youtube.com/watch?v=sHnuMkk5qi4>

Vídeo ilustrado do prólogo do libro "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro.
<https://www.youtube.com/watch?v=YJDeI75fOKU>

Biografía de Rosalía feita polos nenos de 1 e 2 de Primaria do CEIP Juan Rey
<https://www.youtube.com/watch?v=ssJdMCpY5HE>

Pregado do díptico.....





colexio Lois Seoane
colexio de educación infantil e primaria



Actividades Rosalía de Castro

Como se titulou o primeiro libro de Rosalía de Castro? _____

Por que se chamou así? _____

En que ano se publicou? _____

Como se chamou o grupo literario que comeza con Rosalía? _____

No poema "**Nasín cando as prantas nasen**" :

Por que algúns versos teñen a letra inclinada? _____

Como se chama a voz que fala no poema? _____

A quen lle fala? _____

Cal é a relación entre os dous? _____

No poema "**Campanas de Bastabales**" :

Rosalía usa un recurso poético que é empregar expresións contraditorias, que din o contrario, unha ao lado da outra. Busca un caso deste tipo que aparece en dous versos consecutivos.

Outro recurso que emprega Rosalía é usar unha expresión e a continuación repetila cambiando a orde das palabras. Busca un caso deste tipo que aparece en dous versos consecutivos, a expresión é de dúas palabras tan só.

Debuxa aquí tres flores e dálles cor. Podes tomar como modelo as debuxadas no díptico de Rosalía.